



O pasado ano 2023, implantouse na Costa da Morte o **Sistema Integral de Calidade Turística en Destino SICTED**, grazas ao cofinanciamento da Deputación da Coruña, a través das axudas aos entes de xestión turística da provincia. O SICTED é un proxecto da **Secretaría de Estado de Turismo (SETUR)**, que conta cunha metodoloxía propia baseada nunha visión global de destino, que contribúe a implantar un **sistema de xestión da calidade nos destinos turísticos**.

Esta metodoloxía conta con **varios ciclos de implantación**, cuxa duración adoita ser dun ano por ciclo. Cada ciclo require do cumprimento de determinados **requisitos**, que están relacionados especialmente coa asistencia a varios módulos formativos sobre a metodoloxía, atención ao cliente, manuais de boas prácticas, plataforma tecnolóxica do SICTED, lexislación aplicada ao turismo etc. Inclúe tamén o asesoramento individualizado en materia de calidade, o deseño e implantación de plans de mellora, e obradoiros colectivos para o traballo en rede, tratamento de temas de interese para o destino e resolución de dúbidas.

Polo tanto, este proxecto ten unha **visión continuísta** e téntase que, paulatinamente, estean **representados todos os oficios incluídos no SICTED**. No primeiro ciclo de implantación deste sistema na Costa da Morte, distinguíronse un total de 35 establecementos dos seguintes oficios: casas de turismo rural, hoteis, balnearios, apartamentos turísticos, albergues turísticos, empresas de turismo activo/lecer náutico, oficinas de información turística e museos. Estas 35 entidades recibiron, nun **acto oficial de entrega**, o seu **Diploma e distintivo de “Compromiso de Calidade Turística”**, que os acredita e recoñece o seu esforzo e compromiso coa calidade e a mellora continua.

Estas **35 empresas xa distinguidas pasarán ao Ciclo 2**, e abrirase un novo período de adhesión ao Ciclo 1 para novas empresas, tanto dos oficios xa representados e os seguintes de nova inclusión: **Restaurantes, Artesáns/ás e Comercios de artesanía local**. O obxectivo é desenvolver o proxecto entre abril e novembro de 2024, para poder presentar as propostas de distinción ao Comité de Distinción do SICTED, que se celebrará no mes de decembro.

Quen pode adherirse no Ciclo 1 do SICTED Costa da Morte:

Un total de 40 empresas/entidades turísticas de Costa da Morte, dadas de alta como: restauración, artesáns/ás, comercio de artesanía local, casas de turismo



rural, hoteis, apartamentos turísticos, albergues turísticos, empresas de turismo activo/lecer náutico, oficinas de información turística e museos.

Como solicitar a adhesión ao proxecto e proceso de valoración de solicitudes:

As empresas (legalmente constituídas e dadas de alta no REAT) ou entidades con interese en adherirse poderán solicitar praza a través do formulario da plataforma do SICTED, entre o **22 de marzo e o 3 de abril 2024**. No caso de que haxa máis solicitudes que prazas, aplicaranse os seguintes criterios:

- **Establecementos na lista de agarda de 2023:** terán prioridade de inscrición aqueles establecementos que, cumprindo todos os requisitos, quedaran na lista de agarda o ano pasado, pola limitación de prazas. Deberán volver facer a solicitude mediante a ligazón especificada máis abaixo.
- **Equilibrio territorial:** buscarase que haxa unha repartición equitativa de empresas/servizos e que haxa polo menos 2 entidades por concello.
- **Socios da CMAT:** no caso de que haxa varios establecementos que solicitan a adhesión nun concello, terán preferencia aqueles que sexan socios de APTCM.
- **Distintivos de calidade previos ao SICTED:** tras aplicar os dous primeiros criterios, daráselles preferencia a aqueles que xa contén cun distintivo de calidade como a Q de calidade, S de Sustentabilidade, ISO 9001, etc.
- **Orde de inscrición:** despois de aplicar os anteriores criterios, seguirase a rigorosa orde de inscrición.

Os establecementos interesados poden solicitar a súa praza na seguinte ligazón, indicando **Costa da Morte** como Destino: <https://www.calidadendestino.es/Contenidos/AdhesionSistema.aspx>

Comunicación de prazas:

A partir do 5 de abril, comunicarase ás empresas/entidades solicitantes a asignación de prazas, a través da plataforma SICTED e, de maneira complementaria, a través dun correo electrónico.